

MEMORIA

**DEPARTAMENTO DE
EDLG**

CPI ATIOS



**CPI de ATIOS
Valdoviño**

CURSO 2020 - 2021

Índice

1. Introducción.....	2
1.1. Composición do Departamento.....	3
1.2. Marco Normativo.....	4
2. Obxectivos que se propoñían na programación e grao de cumprimento dos mesmos	4
3. Accións realizadas	6
4. Modificacións da Programación Didáctica.....	15
5. Dificultades atopadas	16
6. Propostas de mellora a introducir na programación do vindeiro curso	16
7. Propostas de mellora establecidas o curso pasado e grao de cumprimento.....	16
8. Outros aspectos de interese	16
9. Principais conclusións.....	17

1. Introducción

O CPI Atios está situado no Concello de Valdoviño (A Coruña). Ao tratarse dun CPI, integra nun mesmo espazo tres etapas educativas, o que tentaremos aproveitar de xeito positivo para o desenvolvemento deste proxecto con respecto ao ano escolar, cunha visión máis ampla cara á planificación lingüística do Centro.

A relación do alumnado matriculado nas diferentes etapas educativas é a seguinte:

- Educación Infantil: 94
- Educación Primaria: 253
- Educación Secundaria: 177

TOTAL: 524

Debido á dispersión xeográfica do Concello de Valdoviño, a meirande parte do noso alumnado ten que utilizar transporte para achegarse ao CPI.

O equipo docente está conformado por un total de 54 profesionais. O centro conta ademais con 6 persoas de persoal non docente: un conserxe, unha administrativa, catro traballadoras na cociña, e un coidador, así como con outros membros de persoal colaborador para o comedor, cafetería e actividades extraescolares.

O noso centro está integrado nun contorno sociolingüístico galego falante entre a xente maior, que se percibe nunha boa fonética e no mantemento de estruturas morfosintácticas propias do galego así como o uso de moito léxico.

Despois de analizar o Proxecto lingüístico do Centro constatamos que o noso alumnado utiliza o castelán para a súa comunicación cotiá o que reverte na falla de mantemento xeracional na lingua galega.

Poderíamos dicir entón que estamos nun contorno galego falante entre as xeracións dos avós e avoas que manteñen unha actitude favorable cara o uso do galego aínda que dificultada cada vez máis pola presión social e pola falla de factores que favorezan a potenciación e a valoración da validez da lingua galega fronte a calquera outra e en calquera ámbito.

Respecto ao noso CPI, debemos engadir que o galego está presente non só como lingua administrativa e na documentación oficial do centro, senón que é lingua de uso de parte do persoal docente nas comunicacións orais, nunha alta porcentaxe das comunicacións académicas, nas ferramentas administrativas, tecnoloxías da información e comunicación e ocupa un amplo espazo dos recursos de lectura e consulta na biblioteca. A presenza do galego no persoal non docente é similar ao da comunidade docente.

Partindo da nosa realidade lingüística, recollida no Proxecto Sociolingüístico do Centro, marcámonos un ano máis como obxectivo prioritario incrementar os niveis de uso do galego, fomentando especialmente a lingua oral, a súa valoración positiva e a súa recuperación, tentando utilizalo en calquera tipo de contexto, non só no ámbito académico senón tamén lúdico, formal e informal.

1.1. Composición do Departamento

Profesorado

Noelia Alonso Malde (EI), Ana Ramos Otero (EP), Blanca Riveira Roca (EP), Gema Romero Crego (EP), Mónica Patricia Arnosó Calvo (ESO), Luísa Pita Rubido (ESO), Cintia Louro Búa (ESO), M^a Bertila Rodríguez Vázquez (ESO).

Representante do ED

M^a José Ruán Serantes (Xefa de Estudos de Primaria)

Alumnado

1º ESO A

Carlos Álvarez Caneiro, Yerai Ameneiros Mateo, Carlota Casas Calvo, Sabela Castro Ruíz, Laura Margarida Dias Rodríguez, Kevin Días Gutiérrez, Carla Díaz Mella, Sara Fernández Rama, Zenobie García Núñez, Arantxa Gómez Hermida, Alba González Prieto, Blanca Hervada López, Amalia Pena Bustadab, Erik Prieto Rañal, Mateo Ramos Beceiro, Icíá Rivera Martínez, Hugo Vigo Vázquez.

1º ESO B

Xavi Bellón Rodríguez, Lucía Castro García, Iker Francisco Crespo Pérez, Andrea Fustes Lago, Irene García Martínez, Freddy García Núñez, Aldara García Pérez, Estela Gómez Calvo, Miguel Graña del Solar, Alex López Vázquez, David Naveiras Ramos, Iván Ogando Fernández, Esmeralda Pita dos Santos, Sara Quiza López, Raúl Rey Pico, Claudia Sande Bahamonde, Manuel Santalla Ramos, Manuel Veiga Ulloa.

2º ESO A

Sara Bordello Fernández, María Fraga Fraga, Julen Josu García Lago, Kiara Enríquez Rodríguez.

2º ESO B

Paula Barcia Pedre, Alba Iglesias Caro.

2º ESO C

Sara Bouza Rodríguez, Lucía Vellón Bouza.

3º ESO A

Unay Rey Ameneiros, Paula Feijoo Paredes, Antía Fernández Iglesias, Alba Freire Caneiro, Alba García Fernández, Hugo González Somoano, Sara Méndez González.

3º ESO B

Paula Luaces Rodríguez, Lucía Pérez Rodríguez, Candela Sanesteban Torres, Estrela Vizoso Díaz.

4º ESO A

Sara Arias López, Andrea Cardamas Sedes, Nerea Casas Serantes, Mateo Cortizas García, Carla Freire Muíño, Lucía García Otero, Alejandra González Rodríguez, Sabela Graña del Solar, Sara Hermida Suárez, Elena López Abelleira, Paola López Vázquez, Inés Mancilla Lamas, Pedro Martín González, Laura Testa Ameneiros.

Persoal non docente: M^a Begoña López Fernández (Administración)

1.2. Marco Normativo

Constitución Española, aprobada no ano 1978, artigo 3º.

Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado no 1980, título primeiro, artigo 5º.

Lei de normalización lingüística (1983).

Plan Xeral de Normalización Lingüística, aprobado o 22 de setembro de 2004.

Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

2. Obxectivos que se propoñían na programación e grao de cumprimento dos mesmos

Obxectivos xerais	Grao de cumprimento		
	Acadado	Parcialmente acadado	Non acadado
Aplicar á situación do centro os principios xerais que se recollen no Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG).	*		
Contribuír á eliminación de prexuízos ou trabas lingüísticas, en calquera situación.		*	
Prestixiar o galego como lingua vehicular, instrumento indispensable da nosa cultura.		*	
Fomentar a consideración da diversidade lingüística como un dereito e unha bagaxe cultural imprescindible para o		*	

desenvolvemento persoal dos cidadáns.			
Potenciar o uso do galego no contorno educativo, especialmente nas TIC.		*	
Investigar e promover novas alternativas á formación tradicional.		*	
Deseñar, planificar e implantar actividades, utilizando as novas tecnoloxías, creando un clima positivo de participación do alumnado, do profesorado, das familias e de posibles entidades colaboradoras, transmitindo unha imaxe innovadora e moderna do Centro.		*	

Obxectivos específicos	Grao de cumprimento		
	Acadado	Parcialmente acadado	Non acadado
Coñecer as olimpíadas e achegarnos ao espírito olímpico como medio para transformar a sociedade xunto coa educación e a cultura dos pobos.	*		
Valorar o espírito olímpico como instrumento de superación, de esforzo para dar o mellor en cada competición, de respecto aos demais e como acicate para superarse un ou unha mesma.	*		
Extrapolar a realidade olímpica á vida do CPI Atios co gallo de que o seu espírito poda estar presente no deporte, na ciencia, nas novas tecnoloxías, nas artes, nas linguas, na saúde do noso alumnado e na nosa cultura.	*		
Valorar a importancia da lingua galega como lingua campioa, vencedora de moitos obstáculos nunha dura carreira ao longo da historia.		*	
Garantir a presenza da lingua galega como medio de comunicación, nas materias de uso obrigado e no Plan Lector do Centro.	*		
Utilizar a lingua galega nas actividades extraescolares e complementarias que o centro organiza.	*		
Facilitar material en lingua galega para os distintos Departamentos.		*	
Realizar actividades que utilicen a lingua galega como ferramenta		*	

de comunicación e impliquen actuacións de carácter interdisciplinar.			
Facilitar, tanto ao profesorado como ao alumnado, o acceso ás Tic que fomenten o uso correcto da lingua e melloren así a súa valoración positiva.		*	
Pór a disposición da Comunidade Educativa as posibilidades que internet ofrece en recursos lingüísticos, culturais, educativos...	*		
Fomentar actividades que impliquen a participación activa do profesorado, do alumnado e das familias.	*		
Continuar coa colaboración en materia sociolingüística co noso concello.	*		
Establecer relacións en materia sociolingüística con outras institucións relacionadas, dalgún xeito, co centro.	*		

3. Accións realizadas

Debemos ter en conta que a organización destas actividades e actuacións está suxeita ao desenvolvemento do ano escolar, pois debe adaptarse ás posibilidades que se poidan dar, así como ás novas iniciativas que vaian xurdindo.

Atopamos o problema engadido do obrigado cumprimento dos protocolos de actuación pola COVID, o cal limita bastante as actividades que se poden realizar.

Celebráronse as distintas efemérides ao longo do trimestre en colaboración co Departamento de Actividades Extraescolares e Complementarias e o Equipo da Biblioteca, así como con outros equipos de traballo e os Departamentos do centro.

As actividades estiveron baseadas no Proxecto de Dinamización da Lingua Galega: **GATIOS**. O devandito proxecto ten coma obxectivo prioritario poñer en valor a figura do gato e os animais en xeral, o respecto pola fauna, o coñecemento das costumes, relixións, lendas, e outros aspectos que rodean aos felinos.

Letras Galegas 2020. Día de Carvalho Calero

Debido ao confinamento no que nos vimos inmersas durante o mes de maio de 2020, o Día das Letras Galegas, dedicado a Ricardo Carvalho Calero, quedou deslucido e sen poder celebrar como se merecía.

Foi por isto que, a RAG, a proposta da Asociación de Escritores en Lingua Galega, propuxo celebrar nas bibliotecas escolares o 30 de outubro o nacemento do homenaxeado, podendo trasladar actividades sen celebrar en maio a este día. Tendo en conta os protocolos, conseguimos levar adiante, xunto co Equipo de Biblioteca o seguinte:

- Visualización de materiais interactivos: o alumnado de cada nivel puido visualizar distintos materiais cos que interactuar, relacionados co homenaxeado. Ocupando a primeira hora da mañá para facelo coma celebración conxunta.

Festa do Magosto e Samaín

- Concurso de cabazas, centros de outono e colares de zonchos: as familias elaboraron nos seus fogares cos seus fillos e fillas cabazas, centros de outono e colares de zonchos, aos que lles tiraron fotos e que despois achegaron en formato dixital para poder participar no concurso, posto que este curso non se podían ter expostas fisicamente.

- Festival de Magosto e Samaín: no recreo do venres 13 de novembro, o alumnado de Secundaria puido degustar as castañas e zonchos que aportaron dende a súa casa.

O alumnado de Primaria degustounas nas súas respectivas aulas.

Todo o alumnado do centro podía vir disfrazado e, para ese día, ambientáronse as aulas coma se se realizasen pequenas Aulas Terroríficas, posto que a orixinal e que se utilizaba en común, non se puido habilitar este curso polo protocolo anti COVID.

En cada clase organizaron as súas actividades, tendo unha batería de propostas elaborada dende o EDLG: visionado e dobraxe de curtas de medo, lectura dos contos de medo elaborados ao longo do trimestre, decoración da aula, creación de sombras chinesas...

- Xogos populares: nos recreos do venres 13 de novembro, en colaboración co Departamento de Educación Física, leváronse á práctica distintos xogos populares.

- Rolda da Santa Compañía: o alumnado de 4º, e sen saltar o protocolo en ningún momento, puido realizar unha rolda ou paseo polas distintas aulas, caracterizados da Santa Compañía ou Estadea.

Realización e entrega de Diplomas e premios do Concurso de Outono

Ás persoas gañadoras do Concurso de Cabazas, Centros de Outono e Colares de Zonchos, entregóuselles un diploma, un vale para a cafetaría do centro e uns agasallos aportados pola Biblioteca.

A relación de persoas premiadas, é a que segue:

INFANTIL	PRIMARIA	SECUNDARIA
Claudia González Rodríguez	Héctor González Villarnovo	Irene López Bouza
Valle Pernas Díaz	Enara López Rodríguez	Amalia Pena Bustabad
Otto Vázquez Rodríguez	Inés Couce Rodríguez	Álvaro Fraga Mesía
Oliver Pita Ponce	Claudia Couce Méndez	
Antón Pita Fernández	Ulf Pita Thomas	
Alicia Villarnovo Cabanas	Zeltia Ramil Díaz	
Adai Fernández Vilela	Lola Pita Soto	
Lucas Ramil Díaz	Manuel Rodríguez Caneiro	

Mes da Ciencia en galego

O mes de novembro, é o mes da Ciencia en Galego, para poder mostrar que a lingua é válida en calquera disciplina.

Para poder celebralo no CPI Atios, ademais de contar coa colaboración da nosa Biblioteca, tamén participamos co alumnado de 4º da ESO, o luns 16 de novembro, de 12:45 a 14:00 h., na Conferencia on line que ofreceu a Secretaría Xeral de Política Lingüística e Igaciencia, en colaboración co Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

Impartida por Sonia Villapol Salgado, muller galega científica do Centro Médico de Texas (EEUU), que forma parte do equipo de investigación internacional da covid-19, na que nos falou sobre o Coronavirus, como evitalo e como combatalo.

Día contra a Violencia de Xénero

O 25 de novembro elaborouse unha actividade en conxunto para todo o centro escolar.

Dende Infantil ata Secundaria, cada curso inventou un verso para poder elaborar unha canción con el e despois gravar un vídeo representando o produto obtido, unha cantiga titulada “Que ninguén corte as túas ás”.

Ademais desta actividade en conxunto, o profesorado dispuxo dunha batería de actividades elaborado polo EDLG, onde puideron escoller o xeito de celebrar o día Contra a Violencia de Xénero de maneira individual nas aulas.

Achegas ao concurso Poesía e imaxe, en Galego sen Filtro

Neste curso, fixemos varias achegas para o concurso Poesía e imaxe.

As achegas propostas foron poemas de Roald Dahl, Jane Danko, David McCord e Kaneko Misuzu.

Aínda non sabemos se as nosas achegas foron escollidas.

Festival de Nadal - Fin de ano

Neste curso topamos sempre coa dificultade de poder sacar adiante as actividades en conxunto, coma en cursos pasados.

- Deste xeito, argallouse unha Festa de Fin de Ano para poder celebrar no colexio, sen que ninguén saltara o protocolo. Fíxose unha retransmisión vía Webex dunhas badaladas ficticias.

En cada clase, celebrouse dun xeito distinto, pero si que se puido poñer en común ao estar o centro e a xente ambientada con roupa de Nadal e poder gozar e celebrar o discurso dun “rei” que elaborou o alumnado de 4º da ESO e as badaladas todo o alumnado á vez, dende Infantil ata Primaria.

- Visita do Apalpador, Papá Noël e Reis Magos ás aulas de Infantil e Primaria: de novo o alumnado de 4º da ESO, prestouse a caracterizarse destes personaxes para visitar ao alumnado máis novo.

- Concurso de Postais de Nadal: aberto a todo o alumnado do centro.

Realización e entrega de Diplomas e premios do Concurso de Postais de Nadal

Ás persoas gañadoras do Concurso de Postais de Nadal, entregóuselles un diploma, un vale para a cafetería do centro e uns agasallos aportados pola Biblioteca.

A relación de persoas premiadas, é a que segue:

INFANTIL	PRIMARIA	SECUNDARIA
Mención de honra a tódolos grupos de Infantil	Sabela Abelleira García	Yasmín da Silva Lago
	Emma Martínez Vázquez	
	Antía García Freire	

Actividades enmarcadas no Proxecto Anual “Gatios”

Dende distintos cursos e niveis, estase traballando sobre o tema do proxecto anual: os gatos.

Dende distintos cursos de Primaria, estase abordando coma tema transversal. Elaboráronse gatos de Samaín, que daban medo, gatos de Nadal, ataviados con roupas festivas, as postais de Nadal tamén se enmarcaron no tema...

Dende Secundaria, traballouse na materia de Francés, cunha presentación na que os protagonistas eran os refráns franceses nos que interveñen estes animais.

Venres gastronómicos

Precisamente, en relación ao traballo realizado dende a materia de Francés de Secundaria, no primeiro venres gastronómico do curso, puido degustarse un saboroso coello, poñéndoo en relación co refrán de “Dar gato por lebre”.

Bo día Atios

Esporadicamente, posto que o alumnado este curso non pode permanecer no ordenador de conserxería, ponse algunha peza de música en galego. Este curso non se admiten peticións de a diario.

VII Certame Carmela Loureiro

Participación na sétima convocatoria do concurso literario convocado polo Concello de Ferrol, no que nos últimos anos, rematamos tendo alumnado premiado. Desta volta, participaron:

CATEGORÍA A

Microrrelatos:

- "De volta en Valdoviño": Mencía Graña González (6º EP C)
- "O elfo máxico": Marta Sanmartín Veiga (6º EP B)

Micropoemas:

- "A pequena Mozart": Marta Chans Gómez (6º EP C)

CATEGORÍA B

Microrrelatos:

- "O abandono da esperanza": Lucía Guillermina Vellón Bouza (2º ESO C)

CATEGORÍA C

Microrrelatos:

- "Alma": Sara Blanco Pérez (4º ESO A)
- "O principio da fin": Iago Fernández Blanco (4º ESO A)

Micropoemas:

- "Distante": Sara Blanco Pérez (4º ESO A)
- "Vaites!": Martín Vilar Álvarez (4º ESO A)

Finalmente, resultaron gañadoras as seguintes persoas:

- "De volta en Valdoviño": Mencía Graña González (6º EP C), cun Accésit.
- "O elfo máxico": Marta Sanmartín Veiga (6º EP B), cun Accésit.
- "O principio da fin": Iago Fernández Blanco (4º ESO A), cun Accésit.
- "Distante": Sara Blanco Pérez (4º ESO A), cun Accésit.
- "Vaites!": Martín Vilar Álvarez (4º ESO A), cun 1º premio.

31 de xaneiro. Día escolar da non violencia e a paz

Nesta ocasión, celebramos este día seguindo unha proposta de Infantil; levouse a cabo unha instalación artística no cercado do colexio, consistente na colocación de cintas de cores, escritas por cada neno e nena cun desexo de paz, amizade ou amor.

11 de febreiro. Día da muller e a nena na ciencia

Para celebrar este día, acudiu ao noso centro a psiquiatra e divulgadora científica Iria Veiga Ramos. Impartiu unhas interesantes charlas a todo o alumnado da ESO, excepto ao de 2º, posto que non daban os horarios para máis tempo.

Traballouse tamén o proxecto #Nomorematildas, para concienciar ao alumnado da necesidade de facer visible o traballo feminino no ámbito científico - tecnolóxico.

Fixéronse distintas actividades relacionadas co tema, dende Infantil ata Secundaria, adaptando os tempos e os materiais ás necesidades de cada curso ou nivel.

Día do amor e da amizade

Coma cada curso, púxose en marcha o envío de cartas de amor e de amizade entre o alumnado, o profesorado e o persoal non docente, sendo de novo, dun éxito total.

Entroido

Coma cada curso, o Entroido xirou arredor do tema do proxecto anual, neste caso gatos.

Puidemos gozar de disfraces de distintos felinos: o gato con botas, o gato de Cheshire, Doraemon, Hello Kitty, Cats, Catwoman, Aristogatos

Esta actividade tornouse un pouco complexa, posto que para poder organizar un desfile coas medidas de protocolo covid, foi algo difícil de xestionar. Pero coa colaboración de todo o profesorado implicado foi posible quitala adiante.

24 de febreiro. Día de Rosalía

Neste curso celebramos o día de Rosalía para lembrar a figura dunha das nosas máis queridas escritoras. En Infantil fíxose un obradoiro de pinzas e distintas actividades con poemas musicados de Rosalía.

En Primaria distintas actividades tamén, destacando un obradoiro de puntos de lectura.

En Secundaria tamén se enfocou de distintos xeitos, destacando o obradoiro de chapas con debuxos realizados polo alumnado, que gozou tamén de moito éxito.

8 de marzo. Día internacional da Muller

Dende tódolos niveis fixéronse distintas actividades, proponendo a nivel de centro a gravación de distintas mensaxes relacionadas co día: reflexións, poemas, recomendacións de lecturas...

Esta actividade case non tivo seguimento.

Actividades enmarcadas no Proxecto Anual “Gatios”

Dende distintos cursos e niveis, estase traballando sobre o tema do proxecto anual: os gatos.

Dende distintos cursos de Primaria, estase abordando coma tema transversal.

Dende Secundaria, traballouse na materia de Física e Química, cunha serie de memes de gatos científicos.

Tamén en Xeografía e Historia de 3º da ESO, se fixo algún traballo sobre o “Gato no barroco”.

Venres gastronómicos

Nesta ocasión, o venres gastronómico versou sobre o traballado en Primaria, “O gato na arte”.

Bo día Atios

Esporadicamente, posto que o alumnado este curso non pode permanecer no ordenador de conserxería, ponse algunha peza de música en galego. Este curso non se admiten peticións de a diario.

XXI Certame artístico Poesía e imaxe: en galego sen filtro

Organizado polo CENLF, do cal somos socias.

É unha actividade destinada a tódolos niveis, no cal hai unha boa participación, e sempre se acada algún premio nalgunha das súas categorías.

De feito, varios alumnos e alumnas resultaron premiadas. Foron os seguintes:

- Traballo Colectivo (6º E.I.) Lingua norueguesa.
- Úrsula González Valverde (3º E.P.) Lingua xaponesa.
- Naia Castaño Castro (6º E.P.) Lingua xaponesa.
- Emma Carballo Fernández (2º ESO) Lingua bahasa indonesia.

Este curso, tamén se fixo a entrega dos premios do curso pasado, que quedaran sen poder entregarse por causa da pandemia. Foron os seguintes:

- Traballo colectivo de 6º de Educación Infantil, sobre un poema en L. Portuguesa.
- Matilde Lamas Díaz, sobre un poema en L. Portuguesa.
- Sara Fernández Rama, sobre un poema en L. Galega.
- Martín Rey Senra, sobre un poema en L. Galega.

Día do Libro

Nesta ocasión acompañounos a escritora Ana Varela Miño, para ofrecer unhas charlas ao alumnado de Secundaria.

Ofertáronse materiais en galego para os distintos niveis educativos e realizouse unha actividade conxunta para todo o centro, consistente na creación dun vídeo con fotografías do “Nosso libro favorito”.

Día da Saúde

O Dpto. de Educación Física foi o máis implicado, organizando pequenas andainas pola contorna do centro para o alumnado de Secundaria. Deste xeito, o alumnado pode apreciar a súa contorna facéndoo dun xeito saudable.

Para o alumnado de Primaria, fíxose por etapas o Camiño a San Andrés de Teixido, completado no mes de xuño.

Estrea da canle de Twitch do programa “Dígocho eu!”

Fomos un dos seis centros seleccionados de toda Galicia para participar na estrea da canle de Twitch do programa de éxito “Dígocho eu!”, da canle da TVG, G24.

Festa dos Maios

Neste curso, tivemos que celebralo por aulas burbulla, e conseguímolos realizando uns minimaios por aula, ao igual que algunhas alfombras florais reducidas, para poder gozar delas nos corredores.

Día das Letras Galegas

Ofertáronse materiais en galego para os distintos niveis educativos, dispoñibles na páxina web e celebrouse con actividades adaptadas a cada un.

Mural Letras Galegas / Maios

Coa colaboración do Dpto. de Plástica, levouse a cabo un mural colaborativo entre boa parte do centro, coa temática dos maios, nesta ocasión.

Concurso – Festival “A mocidade coa lingua”

Neste ano, os centros participantes no curso pasado, tiveron a ocasión de gravar as dúas cancións coas que terían participado o curso anterior, posto que non se puido levar a cabo debido á pandemia.

Tres alumnas de 4º da ESO e unha de 2º da ESO, acudiron xunto coa profesora de L. Galega, Luísa Pita Rubido, a facer a gravación dos dous temas que tiñan preparados dende o curso pasado. Un de elaboración propia, e outro adaptado dun poema.

Teatro con G

Neste curso non houbo modalidade de teatro afeccionado dos centros, e só se puido gozar do teatro profesional.

Ofrecéronse dúas obras: “As pitas baixo a choiva” de Teatro dos Ghazafellos, adaptación do conto de Carvalho Calero; e “De Carvalho Calero a Xela Arias”, interpretada por Serafín Marcos, facendo un percorrido pola vida e obra da escritora homenaxeada este ano e dedicando unha parte da súa representación a Ricardo Carvalho Calero.

Día do medio ambiente

Realizouse unha saída á vila de Pontedeume onde, ademais de gozar dunha visita guiada pola vila, gozouse dunha viaxe en kayak pola ría, para poder apreciar e aprender a coidar a contorna máis próxima ao alumnado. Coa estreita colaboración do Dpto. de Educación Física.

Mes da diversidade

A través dunhas charlas sobre Diversidade afectivo – sexual, levadas a cabo por unha Educadora social do Concello de Valdoviño.

Bo día Atios

Esporadicamente, posto que o alumnado este curso non pode permanecer no ordenador de conserxería, ponse algunha peza de música en galego. Este curso non se admiten peticións de a diario.

4. Modificacións da Programación Didáctica

Foron poucos os cambios realizados con respecto á programación inicial.

Os obxectivos, intentaron levarse a cabo todos, cada un deles, cun maior ou menor grao de consecución, pero todos se puxeron en marcha.

Con respecto ás actividades, leváronse a cabo unha maior parte delas, tendo que adaptar algunhas delas pola situación xeral do curso, e algunhas outras para traballar o tema escollido no Proxecto Anual de curso, Gatios.

De 30 actividades previstas ao inicio de curso, leváronse a cabo 28. As que non se levaron a cabo, foron as seguintes:

- Concertos didácticos de Santa Icíá: non ofertados este curso debido á pandemia.
- Publicación fin de curso, Gatios: non se realizaron aportes para poder sacar adiante a revista de repaso das actividades realizadas ao longo do curso.

Engadiuse algunha que non estaba inicialmente prevista, como por exemplo:

- Debido ao confinamento no que nos vimos inmersas durante o mes de maio de 2020, o Día das Letras Galegas, dedicado a Ricardo Carvalho Calero, quedou deslucido e sen poder celebrar como se merecía.

Foi por isto que, a RAG, a proposta da Asociación de Escritores en Lingua Galega, propuxo celebrar nas bibliotecas escolares o 30 de outubro o nacemento do homenaxeado, podendo trasladar actividades sen celebrar en maio a este día. Tendo en conta os protocolos,

conseguimos levar adiante, xunto co Equipo de Biblioteca, a visualización de materiais interactivos: o alumnado de cada nivel puido visualizar distintos materiais cos que interactuar, relacionados co homenaxeado. Ocupando a primeira hora da mañá para facelo coma celebración conxunta.

- Participación na estrea da canle de Twitch do programa “Dígocho eu!” da canle G24.

5. Dificultades atopadas

As dificultades atopadas ao longo deste curso debéronse sobre todo á situación de pandemia mundial, que nos obrigou a seguir uns estritos protocolos.

Outro dos problemas que nos atopamos foi o feito de non saber ou poder enfocar determinadas actividades ao alumnado de Infantil e Primaria, de xeito que gozaran delas, ben porque non se adecuaban ás súas idades, ben porque non fomos quen de artellar recursos adecuados.

6. Propostas de mellora a introducir na programación do vindeiro curso

En base ao explicado no punto anterior, debemos mellorar:

- A diversidade de actividades para cada nivel.

7. Propostas de mellora establecidas o curso pasado e grao de cumprimento

Non se contemplaban propostas de mellora no curso anterior.

8. Outros aspectos de interese

O vindeiro curso somos un dos centros seleccionados para participar no programa “21 días co galego e +”.

É un programa impulsado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística. A súa finalidade é promover o uso do galego oral entre a xente nova.

É un sinal do bo facer do departamento, posto que este curso, só se seleccionaron 10 centros de todo Galicia, para participar nel.

Outro sinal do bo facer, é a contía que nos foi concedida polo Proxecto de fomento de uso do galego, de 931 € sobre 1000 €, cunha valoración das máis altas da provincia.

9. Principais conclusións

Estamos bastante satisfeitas co traballo realizado ao longo do ano e traballaremos para que continúe mellorando no vindeiro curso.